



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Turismo de Galicia



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O BISPADO DE LUGO PARA O PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA IGREXA DE SAN SALVADOR DE TOLDAOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Bispado de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Bispado de Lugo para o proxecto de restauración da Igrexa de San Salvador de Toldaos, no concello de Triacastela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- No concello de Triacastela atópase a igrexa de San Salvador de Toldaos, orixinaria do século XII, un referente para a parroquia, e que ten un gran valor cultural polo



Xacobeo 2021





edificio, os retablos, entre eles un retablo de Ánimas de excelente factura, e a imaxe da única Virxe Abrideira Trinitaria que hai na Comunidade Autónoma de Galicia, e que no seu momento formou parte da exposición “Galicia no tempo”.

É preciso debido ao estado deteriorado no que se atopa, pola falta de mantemento durante anos, realizar intervencións que permitan a súa rehabilitación e recuperación. A partir do ano 2014 coa colaboración veciñal, da Diocese de Lugo e da Fundación Iberdrola, restaurouse o tellado, reaxuntouse a parte superior das torres para que non entrara a auga e puxéronse os cristais do cimborrio.

Cómpre agora executar as actuacións precisas para a súa restauración: consolidación do material solto na coronación dos muros perimetrais da Nave, restauración da tribuna e escaleira, substitución do morteiro de cal das paredes exteriores e pintura ao silicato en cor branco semellante ao morteiro natural, arranxo interior e exterior da torre do campanario, restauración das 4 portas que hai na igrexa, arranxo das campás, arranxo das paredes da sancristía, canelóns e baixantes.

Terceiro.- o Bispado de Lugo á única entidade que pode desenvolver esta actuación por ser o titular do inmovible.

Cuarto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Tres son os retos da estratexia de Turismo 2020 e once as súas liñas estratéxicas.

O Reto 1.- Aproveitar o potencial dos recursos naturais de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, artellado ó redor dunha Marca: Galicia. A sustentabilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

- Paisaxe, recursos naturais e sustentabilidade.
- Valores diferenciadores e o seu potenciamento
- A mobilidade turística
- Os camiños de Santiago como dinamizadores do país





A súa vez, a liña estratéxica 2 ten por obxecto os valores diferenciadores e a súa potenciación, e nela establécese que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recurso transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Son obxectivos estratéxicos desta liña:

1. Singularización dos nosos valores diferenciadores
2. Impulso da enogastronomía galega.
3. Impulso do turismo termal.

Que a través deste convenio, outórgase ao Bispado de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos



Xacobeo 2021

